



**Proposta de clasificación de ofertas e requirimento de documentación relativa á contratación administrativa para a subministración dun vehículo automóbil en réxime de arrendamento sen opción de compra (renting).**

O 13 de maio de 2014, a Mesa do Parlamento de Galicia acordou iniciar o procedemento e aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas da contratación administrativa para a subministración dun vehículo automóbil en réxime de arrendamento sen opción de compra o mediante procedemento negociado sen publicidade, tramitación ordinaria e un valor estimado de 38.400,00 € (sen IVE).

O 13 de maio de 2014 cursouse invitación para participar na contratación ás seguintes empresas:

- Noyamóvil, s.l. (registro nº 9774).
- Gadauto, s.a. (registro nº 9775).
- Lucuscar, s.l. (registro nº 9776).

Rematado o prazo concedido, presentaron oferta no Rexistro da Cámara a seguinte empresa:

Empresa concorrente	nº Rexistro
Lucuscar, s.l.	23458

Ao tratarse da única proposición presentada, procede comprobar que a documentación presentada é correcta e a oferta cumpre os requisitos esixidos no prego de prescricións técnicas.

Respecto da documentación técnica presentada no sobre B, a empresa Lucuscar, s.l. ofrece o automóbil Citroen C5 HDi 160 Aut6 Exclusive berlina; cotexado o equipamento do vehículo ofertado co esixido no prego de prescricións técnicas compróbase que efectivamente contén todo o equipamento requirido.

A oferta presentada no sobre C, relativa aos criterios avaliábeis por aplicación e fórmulas é a seguinte:

**Cota mensual:**

- Prezo: ..... 613,55 €.
- 21% IVE\*: ..... 121,87 €.
- Total: ..... 735,42 €.

\*Dedúcese que se exclúese do IVE o importe correspondente ao seguro.

**Prezo total para 48 cotas:**

- Prezo: ..... 29.450,40 €.
- 21% IVE: ..... 6.148,58 €.
- Total: ..... 35.634,98 €.

**Prezo ofertado no caso de custo adicional por quilómetro realizado a maiores respecto ao máximo de 180.000 km:**

- Prezo: ..... 0,032100 €.
- 21% IVE: ..... 0,006741 €.
- Total: ..... 0,038841 €.



**Prezo ofertado no caso de abono por quilómetro realizado a maiores respecto ao máximo de 180.000 km:**

- Prezo: ..... 0,014800 €.
- 21% IVE: ..... 0,003108 €.
- Total: ..... 0,017908 €.



**Emisión CO2 (expresado en gr/km):** ..... 163 gr/km.

**Prazo entrega:** ..... 30 días.

Dado que a totalidade da oferta cumpre todos os requirimentos esixidos nos pregos e é a única oferta presentada, proponse á Mesa do Parlamento requirir a **Lucuscar, s.l.**, para que presente, no prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte á recepción do requirimento, a documentación esixida na base décima, apartado 2 do prego de cláusulas administrativas para proceder, no seu caso, á adxudicación do contrato.

Santiago de Compostela 21 de maio de 2014.

  
Vº e prace  
Xosé Antón Sarmiento Méndez  
Letrado Oficial Maior

  
  
Santiago González Serrano  
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior